

San Xoán^{POIO} 2022

Concurso de Carteis

BASES

1. PERSOAS PARTICIPANTES

- Neste concurso poderán participar rapaces e rapazas empadroados/as e/ou escolarizados/as en Poio, de xeito individual ou en grupo.
- cada participante poderá presentar unha soa obra.
- todas as obras deberán ser orixinais, inéditas e non premiadas nin publicadas.

2. CARACTERÍSTICAS DO CARTEL

- Tamaño do papel: DIN A3, en formato dixital adaptable a DIN A3 (JPG ou TYP).
- Idioma: o texto deberá estar escrito en galego.
- Deberá incluír necesariamente os seguintes textos:
FESTAS SAN XOÁN
POIO
XUÑO 2022

3. CATEGORÍAS DO CONCURSO

- Categoría A: de 5 a 8 anos*.
Categoría B: de 9 a 11 anos*.
Categoría C: de 12 a 13 anos*.
Categoría D: de 14 a 17 anos*.
** Idade cumprida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2022.

4. PRESENTACIÓN DE TRABALLOS E PRAZO

- Os traballos entregaranse acompañados dun sobre (SOBRE A) no que se incluírán os datos persoais da persoa participante (nome, idade, enderezo e teléfono; ademais de curso e centro, de ser o caso). No exterior do SOBRE A deberá constar só a idade e a categoría, segundo o recollido no punto 3 destas bases.
- As obras poderanse presentar en calquera dos centros de ensino do concello de Poio e na Casa Consistorial (Praza do Mosteiro, 1).
- A data límite de presentación das obras será o día 19 de maio do 2022.

5. PREMIOS

- Agasallos conmemorativos e vales para canxear nas librarías de Poio:
*CATEGORÍA A: premio de 80 €
*CATEGORÍA B: premio de 100 €
*CATEGORÍA C: premio de 120€
*CATEGORÍA D: premio de 140€

6. ENTREGA DE PREMIOS

A Concellaría de Festexos comunicará a data e hora da entrega de premios ás persoas gañadoras coa suficiente antelación.

7. XURADO

- Estará composto polo Concelleiro de Festexos, un representante de cada unha das opcións políticas presentes na corporación municipal e por persoal técnico do Servizo de Cultura.
- Este xurado reunirse o día 20 de maio de 2022 para fallar este concurso.
- De cada categoría escollerase un cartel gañador. Dos catro carteis resultantes, escolleráse o cartel que será utilizado para a promoción da festa.

7. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Os premios non serán acumulables. Os premios estarán sometidos á normativa fiscal que proceda aplicar. As obras gañadoras pasarán a ser propiedade do Concello de Poio, polo que o/a autor/a cederá exclusiva e irrevogablemente o dereito de impresión ou reprodución, total ou parcialmente, en calquera modalidade. Igualmente, cederá a utilización da obra para a súa promoción publicitaria, polo que poderán realizarse as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios. Os traballos premiados deberán recollerse no prazo de 30 días naturais posteriores a data de entrega de premios. Os que non se recollan neste prazo pasarán a ser propiedade do Concello de Poio. O xurado do concurso terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases.



CONCELLO
DE POIO
Concellaría de Festexos

1972-2022
50 Combarro
Conxunto Histórico